cdluCAMP by CABREIROÁ

# FORMULARIO DE INSCRICIÓN

## DATOS DO PARTICIPANTE

NOME E APELIDOS

ENDEREZO

POBOACIÓN | CODIGO POSTAL

DATA DE NACEMENTO | DNI

TLF PROPIO | OUTROS TLFs

CENTRO DE ESTUDOS

TALLA DE ROUPA: 4 ◯ 6-8 ◯ 10-12 ◯ 14-16 ◯ S ◯ M ◯ L ◯ XL ◯ | CLUB

ALERXIAS

INTOLERANCIAS ALIMENTICIAS

## DATOS DO PAI NAI OU TITOR LEGAL

NOME E APELIDOS

DNI

CORREO ELECTRÓNICO | WHATSAPP PARA AVISOS

☐ **LUGO** do 8 ao 12 de Xullo

☐ **FOZ** do 19 ao 23 de Agosto

## MATRÍCULA

**INGRESAR NA CONTA DE ABANCA Nº ES47-2080-0101-5830-4005-7954**
**ENVIALAS POR CORREO ELECTRÓNICO A: eventos@cdlugo.com**

## AUTORIZACIÓN e PROTECCIÓN DE DATOS

**AUTORIZACIÓN**

Mediante a firma do presente documento autorizo a participación do meu fillo/a ou tutelado/a no CDLU CAMP 2024 que organiza Club Deportivo Lugo, S.A.D., así coma os desprazamentos necesarios para as actividades de ocio. Declaro que non padece enfermidade ou discapacidade física ou intelectual que lle impida participar normalmente no desenvolvemento do mesmo, son coñecedor de que os participantes están cubertos por un seguro de accidentes deportivos, renunciando expresamente a esixir responsabilidade algunha polas eventuais lesións accidentais producidas como consecuencia da práctica ordinaria das actividades do Campus e autorizo expresamente as decisións médico-quirúrxicas que, en caso de extrema urxencia e non cabendo consulta previa, sexa necesario adoptar baixo a adecuada prescrición facultativa.

**DATOS PERSOAIS**

**Cal é a finalidade da recollida e tratamento dos seus datos?**

Os datos recollidos no presente formulario teñen como finalidade xestionar a participación no CDLU CAMP, sendo o seu tratamento imprescindible para elo, en orde a organización das actividades, a xestión administrativa, xestión de cobros e xestión de seguros.

Os datos de saúde dos participantes (coma alerxias e intolerancias) trátanse para xestionar a súa participación nas actividades do Campus e a atención de posibles accidentes.

Se consinte, trataremos os seus datos para o envío de comunicacións publicitarias ou promocionais incluso por medios electrónicos, o que faremos só se da o seu consentemento expreso para recibir tales comunicacións.

En ningún caso trataremos os seus datos para tomar decisións automatizadas nin para a elaboración de perfís.

**Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?**

O responsable é Club Deportivo Lugo, S.A.D., con domicilio en Avda. dos Deportes s/n, 27004 de Lugo | Tlf: 982 23 17 54 | eMail: cdlugo@cdlugo.com

**A quen cederemos os seus datos?**

Os datos serán cedidos a compañías aseguradoras a fin de que o participante quede asegurado ante posibles accidentes na póliza a contratar polo responsable de tratamento.

**Que outros datos dos participantes poderemos tratar?**

Se consinte expresamente, captaremos e trataremos a imaxe e/ou voz do participante con motivo de grabacións audiovisuais e fotografías destinadas a súa inclusión na memoria de actividades realizadas, información e promoción de próximas edicións do campus a través de medios de comunicación de prensa escrita, televisión, radio, internet, vídeos promocionais e outras canles como revistas, folletos informativos, anuncios e carteis publicitarios. En todo caso, o uso da imaxe e voz dos participantes realizarase sempre con mesura e precaución, predominando o tratamento destes datos dos participantes con carácter accesorio respecto da información principal representada polas propias actividades do Campus. No caso de non consentir, o participante realizará outras actividades específicas separadas das que estea a realizar o grupo que en cada momento sexa obxecto das citadas grabacións e fotografías.

**Canto tempo conservaremos os seus datos?**

Os seus datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para a xestión da participación no Campus. Se da o seu consentimento a recibir comunicacións publicitarias ou promocionais, manteremos os seus datos de contacto mentres non o revoque.

**Cales son os seus dereitos?**

Vostede ten dereito de acceso os seus datos no noso poder e a que llos entreguemos en formato electrónico, a rectificalos (porque son inexactos ou cambiaron), a opoñerse o tratamento dos seus datos ou limitalos bastando para elo o envío dun correo electrónico a cdlugo@cdlugo.com ou escrito dirixido a Avda. dos Deportes s/n, 27004 de Lugo, aportando en ambos casos unha copia do seu DNI ou documento de análogo valor.

| | SI | NON |
|---|---|---|
| Consinto expresamente o envío de comunicacións publicitarias ou promocionais | ☐ | ☐ |
| Consinto expresamente as grabacións audiovisuais e fotografías coas finalidades indicadas | ☐ | ☐ |

SINATURA